

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 21 de setembro de 2020 pola que se leva a cabo a actualización e revisión das áreas de especial interese paisaxístico AEIP-05-03 Canóns do Río Miño e AEIP-05-04 Canóns do Sil previstas no Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, co obxecto de fundir as dúas áreas nunha única, denominada AEIP-05-03 Ribeira Sacra.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo establece o artigo 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva, entre outras, en materia de ordenación do territorio e do litoral.

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, conforme o Convenio europeo da paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 por proposta do Consello de Europa, que entrou en vigor o 1 de marzo de 2004, e foi ratificado polo Estado español mediante Instrumento do 28 de xaneiro de 2008.

O artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e, no seu capítulo III, establece os instrumentos para conseguilo.

Entre estes instrumentos están os catálogos da paisaxe, definidos no artigo 9 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, como os documentos de referencia que, apoiándose nas distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e litorais existentes no territorio galego, deberán delimitar, con base nos diferentes estudos e traballos existentes na materia, as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, identificando os diversos tipos de paisaxe existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais. O contido dos catálogos da paisaxe aparecen recollidos neste mesmo artigo, que tamén establece que os catálogos da paisaxe poderán, se é o caso, identificar determinadas zonas xeográficas como áreas de especial interese paisaxístico, en atención aos valores naturais e culturais alí presentes, o que se fai neste catálogo.

O Catálogo das paisaxes de Galicia elaborouse consonte o disposto nos artigos 8 e 9 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia mediante o Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG nº 160, do 25 de agosto).



Unha das determinacións do Catálogo das paisaxes, de acordo co sinalado no artigo 9.3 da Lei 7/2008, é a delimitación de áreas de especial interese paisaxístico.

O artigo 4 do Decreto 119/2016 regula a actualización e revisión das áreas de especial interese paisaxístico e sinala que as áreas identificadas e delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia poderán ser revisadas ou actualizadas, de oficio ou por instancia de calquera interesado, cando se acrediten circunstancias que o xustifiquen, tales como a dispoñibilidade de novas fontes de información, cambios ou transformacións da paisaxe, perda ou aparición de valores paisaxísticos ou cambios na percepción da paisaxe por parte da poboación.

O mesmo artigo prescribe que o órgano autonómico con competencias en materia de paisaxe será o competente para proceder á actualización ou revisión, seguindo o seguinte procedemento:

a) Elaborará unha proposta de inclusión, eliminación ou modificación de áreas de especial interese paisaxístico. Esta proposta conterá, necesariamente, a xustificación das circunstancias que motiven a modificación, así como a explicación detallada do procedemento, metodoloxía e resultado da correspondente proposta.

b) A proposta someterase a información pública por un prazo de dous (2) meses, para que todos os posibles interesados poidan formular as alegacións que coiden pertinentes.

c) O expediente será aprobado por orde da persoa titular da consellería competente en materia de paisaxe, logo da consulta aos departamentos autonómicos competentes en materia de ordenación do territorio e patrimonio cultural.

d) Antes da súa aprobación, remitirase para consulta previa do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

e) Unha vez aprobada, procederase á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Entre as áreas de especial interese paisaxístico delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia atópanse a AEIP-05-03 Canóns do Río Miño e a AEIP-05-04 Canóns do Sil, ambas na grande área paisaxística das Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, a primeira na comarca paisaxística da Ribeira Sacra Miñota e a segunda na comarca paisaxística da Ribeira Sacra Silense. As dúas AEIP foron delimitadas seguindo a metodoloxía recollida no punto 2.7 do Catálogo das paisaxes de Galicia.



Os canóns do Miño e os canóns do Sil conforman unha unidade territorial e paisaxística homoxénea e recoñecible, identificada e coñecida comunmente como a Ribeira Sacra. Porén, no Catálogo das paisaxes recolléronse dúas áreas de especial interese paisaxístico diferenciadas, como consecuencia de atopárense en dúas comarcas paisaxísticas.

Por outro lado, cabe destacar que, respecto do momento en que se aprobou o Catálogo das paisaxes, se producen uns cambios importantes que inflúe de forma determinante na percepción da Ribeira Sacra, e no reflexo que esta debe ter no citado catálogo. Eses cambios son:

– A declaración do Ben de Interese Cultural da paisaxe cultural da Ribeira Sacra polo Decreto 166/2018, do 27 de decembro.

– Acordo adoptado polo Consello de Patrimonio Histórico sobre a paisaxe cultural da Ribeira Sacra en abril do ano 2019 como candidatura da Ribera Sacra para formar parte da lista do Patrimonio da Humanidade da Unesco.

– Proposta de reserva da biosfera da Ribeira Sacra e serras do Oribio e Courel. En agosto do ano 2019 publicouse o anuncio da exposición pública da proposta por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (Mapa Reserva da Biosfera).

Na súa virtude, e en exercicio das atribucións que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo único

Fundir as dúas áreas de especial interese paisaxístico: AEIP-05-03 Canóns do Río Miño e a AEIP-05-04 Canóns do Sil, nunha única, denominada AEIP-05-03 Ribeira Sacra.

No anexo I atópase a ficha da nova AEIP.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2020

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda





ANEXO I

Ficha da Área de Especial Interese Paisaxístico AEIP-05-03 Ribeira Sacra

Participación Pública

Código	Comentarios
PP_5_1018	Encoro de Peares
PP_5_1020	"O Cabo do Mundo": Meandro del Miño. Vistas
PP_5_1021	Belesar: Aldea tradicional
PP_5_1022	Víñedos de Chantada
PP_5_1023	Ribeira sacra de Chantada

Preseleccionados

Código	Comentarios
PRE_5_166	Praia da Cova
PRE_5_179	Cabo do Mundo (Mirador)
PRE_5_180	Fervenza do Fondós
PRE_5_277	Mirador da Cova
PRE_5_509	Miradoido de Guitara
PRE_5_510	Encoro de Belesar

Criterios de delimitación

- Trazado de estradas ou camiños
- Cambios de xeomorfoloxía ou topografía
- Lindes de parcelas catastrais

Orixe

Participación Pública.....	☒
Preseleccionados.....	☒
Valores.....	☒
Experto.....	☐

Unidades (Máis do 5% da AEIP)

Clase	%	Area (ha)
Canons; Bosque; Mesotemperado inferior	52,68	1.966,92
Canons; Bosque; Termotemperado	44,58	1.664,13
Canons; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Termotemperado	28,46	1.062,49
Canons; Lamina de auga; Termotemperado	9,79	365,25
Canons; Viedo; Termotemperado	9,5	354,72
Canons; Viedo; Mesotemperado inferior	8,76	326,86
Canons; Matogueira e rochedo; Mesomediterráneo	12,27	458,19
Chairas e vales interiores; Lamina de auga; Termotemperado	11,77	439,32

Valores

Naturais	Patrimoniais	Panorámicos
Area potencial de Sapoconcho común	BIC Igrexa de San Estevo de Altán	Miradouro Cabo do Mundo (Mirador)
Zona 2 Plan xestión do lobo	BIC Igrexa de San Estevo de Ribas de Miño	Miradouro da Cova
Area de conserv. do LIC Canon do Sil	BIC Igrexa de San Xoán de Cova	Miradouro Miradoido de Guitara
Area potencial de Sapoconcho común	BIC Mosteiro de San Estevo de Chouzán	PR-G 162 Ruta da Ribeira Sacra do Miño
LIX Encoro dos Peares	BIC Torre da Grúca	
ZEC Canon do Sil	Igrexa de A Cova	
ZEPVN Canon do Sil	Igrexa de A Sanfía	
Zona 2 Plan xestión do lobo	Igrexa de Altán	
Area de conserv. do LIC Canon do Sil	Igrexa de Belesar	
Area potencial de Sapoconcho común	Igrexa de Chouzán	
ZEC Canon do Sil	Igrexa de Erbeiro	
ZEPVN Canon do Sil	Igrexa de Nogueira de Miño	
Zona 2 Plan xestión do lobo	Igrexa de Os Peares	
	Igrexa de Ribeiras de Miño	
	Igrexa de Santiago de Arriba	
	Igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño	

Mapa Guía



Fotografía



AEIP_05_03 Ribeira Sacra

Lenda:

- Participación Pública
- Preseleccionados

0 0,5 1 2 3 4 5 Km

Proxección U.T.M. Fuso 29
Elipsoide GRS80
Sistema de referencia ETRS89





Participación Pública

Código	Comentarios
PP_5_943	Fervenza Cachon de Meder
PP_5_944	A vaira das 100 vacas
PP_5_948	Entre ambos ríos os 2 muíños e o castaño senlleiro
PP_5_951	Mirador de Cabezoa
PP_5_952	Neópolis de San Vitor
PP_5_953	Miradoiro da Costa
PP_5_954	Miradoiro do Picotíño
PP_5_956	Pena de Cerreda
PP_5_957	Cañón del río Mao: Ruta de las Pasarelas y del Mao
PP_5_958	Augas Blancas, augas minero medicinais
PP_5_959	Pasarela do Mao
PP_5_960	Barxacova: cañón do Mao
PP_5_961	Pasarela do río Mao
PP_5_962	Cañón del Sil
PP_5_963	Ribeira sacra. Vistas espectaculares
PP_5_964	Vistas de la Ribeira Sacra y de los cañones del Sil
PP_5_965	Viñedos de Amandi
PP_5_966	Mirador de Castro/vistas del cañón
PP_5_968	Camiño natural, paso por mosteiro, castro, mirador
PP_5_969	Miradoiro O Curral do Penso
PP_5_970	Mirador de Cabezoa
PP_5_971	Miradoiro Balcóns dos mouros
PP_5_972	Mirador no cañón do Sil - Sober
PP_5_973	Santa Cristina de Ribas de Sil
PP_5_974	Mosteiro de Santa Cristina
PP_5_975	Miradoiro do fental
PP_5_979	Miradoiro das Fontiñas e Fervenza Pozo da ovela
PP_5_980	Miradoiro da galiña
PP_5_981	Scrutullo e unha zoa de castaños milenarios
PP_5_983	Viñedos en bancal - Sober
PP_5_985	Ribeira sacra
PP_5_987	Mirador de Matacás
PP_5_988	Viñedos de Doade
PP_5_989	Vista panorámica do cañón do Sil
PP_5_990	Mirador Pena do Castelo
PP_5_991	Mirador sobre o cañón do Sil
PP_5_993	Muíños do Arroxo
PP_5_996	Valle encajado del Cabe: bosques y viñedos
PP_5_998	Vistas sobre o río Sil
PP_5_1000	Meandro da Cubela (ruta de senderismo)
PP_5_1006	Ponte de Ferro do Ferrocarril nos Peares
EP_5_192	Fábrica da Luz

Mapa Guía



Preseleccionados

Código	Comentarios
PRE_5_80	Cañón do río Mao
PRE_5_95	Bosques de Santo Estevo e Santa Cristina
PRE_5_165	Os Peares
PRE_5_483	Mirador de Matacás
PRE_5_499	Miradoiro de Santo Estevo de Ribas de Sil
PRE_5_500	Cañón do Sil
PRE_5_501	Santo Estevo de Ribas de Sil
PRE_5_502	Miradoiro de Columna
PRE_5_503	Miradoiro de Bolmente
PRE_5_504	Santa Cristina de Ribas de Sil
PRE_5_505	Balcóns de Madrid
PRE_5_506	Mirador de Santionxo
PRE_5_507	Mirador de Os Chelos
PRE_5_515	Mirador Pena do Xábrego
PRE_5_888	Mosteiro de Santa Cristina

Unidades (Más do 5% da AEIP)

Clase	%	Area (ha)
Canons; Bosque; Mesotemperado inferior	52.68	1.966,92
Canons; Bosque; Termotemperado	44.58	1.664,13
Canons; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Termotemperado	28.46	1.062,49
Canons; Lamina de auga; Termotemperado	9.79	365,25
Canons; Viedo; Termotemperado	9.5	354,72
Canons; Viedo; Mesotemperado inferior	8.76	326,86
Canons; Matogueira e rochedo; Mesomediterráneo	12.27	458,19
Chairas e vales interiores, Lamina de auga; Termotemperado	11.77	439,32

Valores

Naturais	Patrimoniais	Panorámicos
Area de conserv. do LIC Canon do Sil	BIC Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil	Circular BBT de Nogueira
Area potencial de Sapconcho común	BIC Mosteiro de Santa Cristina en Ribas de Sil	Circular BBT Parada de Sil
ZEC Canon do Sil	BIC Torre de Moreda	Miradoiro A Cruz
ZEPVN Canon do Sil	Casa de Ribas	Miradoiro Balcóns dos Mouros
Zona 2 Plan xestión do lobo	Casa Grande de Rosende	Miradoiro Cabezoa
Árbore senlleira Castiñeiro de Tambolosiros	Igrexa de Acedre	Miradoiro de Matacás
Area de conserv. do LIC Canon do Sil	Igrexa de Chandrexa	Miradoiro de Bolmente
Area de uso xeral do LIC Canon do Sil	Igrexa de Fontao	Miradoiro de Bolmente II
Area potencial de Sapconcho común	Igrexa de Píñol	Miradoiro de Cadreira
Area Prioritaria Avifauna ameazada	Igrexa de San Lourenzo de Barxacova	Miradoiro de Columna
ZEC Canon do Sil	Igrexa de Santionxo	Miradoiro de Chancis
ZEPVN Canon do Sil	Igrexa de Santo Estevo de Ribas de Sil	Miradoiro de Os Chelos
Zona 2 Plan xestión do lobo	Igrexa de Vilaescura	Miradoiro de Portabrosmos
Zona 3 Plan xestión do lobo	Mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil	Miradoiro de Santionxo
Zona Protec. Avifauna liñas eléctricas	Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil	Miradoiro de Souto Chao

Fotografía



AEIP_05_03 Ribeira Sacra

Lenda:

- Participación Pública
- Preseleccionados

0 0,5 1 2 3 4 5 Km

Proxección U.T.M. Fuso 29
Elipsode GRS80
Sistema de referencia ETRS89

Criterios de delimitación

- Límites das unidades de paisaxe
- Limite dun espazo natural
- Cambio na cuberta ou uso do solo
- Trazado de estradas ou camiños
- Líndes delimitadas por muros ou cómaros
- Cambios de xeomorfoloxía ou topografía
- Limite da bacía hidrográfica
- Cuncas Visuais

Orixe

- Participación Pública.....
- Preseleccionados.....
- Valores.....
- Exerto.....



1:80.000






Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 198

Mércorés, 30 de setembro de 2020

Páx. 37900



CVE-DOG: e1fueug8-lba0-2fh3-4139-l4tmxvbq98t6

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>